

Os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña (Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, Marea Atlántica, PSdeG-PSOE e Partido Popular) presentan a seguinte,

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA CONMEMORAR O 24 DE FEBREIRO, DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO, PROMOVER O COÑECEMENTO DA SÚA OBRA E DO SEU COMPROMISO COA LINGUA, COAS MULLERES E CO PAÍS

O 24 de febreiro de 2017 cúmprense 180 anos do nacemento de Rosalía de Castro, a escritora máis representativa e universal da lingua e da literatura galegas. Ela iniciou o proceso de recuperación de usos do galego co obxectivo de lle devolver a dignidade de que fora excluído ao desaparecer dos usos cultos e escritos. A publicación do seu libro *Cantares Gallegos*, o primeiro escrito integramente en galego, sinala o comezo da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento. A recuperación literaria e lingüística de Galicia ten unha enorme débeda cunha obra, que desafiaba a sociedade do seu tempo a través dun discurso de defensa da terra, da súa xente -en especial, das mulleres- e dunha lingua que merece continuar a ser transmitida de xeración en xeración e ser utilizada en todos os ámbitos.

Cómpre, pois, aproveitar a reivindicación desta data para estendela a un mes de febreiro de firme e inequívoco compromiso co idioma, sumando todos os esforzos posíbeis para continuar o camiño por ela iniciado para o galego se converter na lingua en que expresamos todos os nosos sentimentos e emocións, en que desenvolvemos toda a nosa actividade profesional, e, en definitiva, en que realizamos a nosa contribución á cultura universal.

Por todo isto, e seguindo as directrices dunha convocatoria xa consolidada pola Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG), o Pleno da Deputación da Coruña acorda

- a) Conmemorar o 24 de febreiro Día de Rosalía.
- b) Desenvolver actividades para promover o coñecemento da obra rosaliana.
- c) Apoiar as iniciativas que se desenvolvan para reivindicar a figura e a obra de Rosalía de Castro.

A Coruña, 15 de febreiro de 2017

Julio Sacristán de Diego
Portavoz do Grupo PSdG-PSOE

Xosé Regueira Varela
Portavoz do Grupo do BNG

Agustín Hernández Fdez de Rojas
Portavoz Grupo Partido Popular

Daniel Díaz Grandío
Portavoz do Grupo da Marea Atlántica

Manuel Dios Diz
Portavoz Grupo Compostela Aberta

Ángel García Seoane
Portavoz do Grupo Alternativa dos Veciños